


A repartición das leiras

Delmiro Veigas, un vello labrego da Terra Chá, decidiu que lle era hora de facer testamento. Delmiro era viúvo e tiña oito fillos. Desde sempre a súa idea fora dividir a extensa leira que posuía en oito partes iguais, unha para cada un dos seus descendentes.

Coa división xa perfectamente feita e legalizada no catastro, Delmiro foi onda a notaria de Vilalba, Eva Regueiro, para redacta o documento. Esta división do gran terrero en oito partes representámola no seguinte cadro.



Xa no despacho da notaria, Delmiro mostrábase indeciso e algo desacougado.

-Que lle ocorre, señor Veigas? Ten algunha dúbida?- preguntou a notaría.

-Mire, é que non lle sei que facer - respondeu o vello labrego-. Os meus fillos son o demo. Entre eles sempre hai problemas. Por exemplo, Adelino, o maior, non pode ver o segundo; Bautista o segundo, non atura o primeiro e o terceiro; Crisanto, o terceiro, despreza o segundo e o cuarto... E así un tras outro. Por iso estaba a pensar que, á hora de repartir, o mellor sería que ningún deles tivera a súa leira coa dun irmán co que se leve mal.

Eva, sorprendida polo problema do labrego, amosou todo o interese en axudarlle.

- A ver se o entendo ben, señor Veigas, vostede quere evitar a toda costa que a leira de cada fillo teste coa do seu irmán maior e coa do seu irmá menor, non si?

- Si, señora. Pero aínda non dei atopado o xeito de conseguir iso.

A notaria ollou pensativa o plano do catastro coa delimitación das oito leiras e, deseguido, fixo outra pregunta.

- E as terras deses irmáns que se detestsn non poden lindar en ningún sentido, nin lateral, nin diagonal?

Abofé que sería o mellor. Non quero que esas leiras estean xuntas nin nun costado nin nun recanteo.

Despois de saber isto, a notaria Eva Regueiro amosoulle ao labrego un xeito de facer a repartición de acordo coas condicións que pedía. Así, puideron redactar sen máis problemas o testamento.

¿Cal puido ser a solución proposta pola notaria?